

4/171 TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS NÚMERO 54-2024. REVISIÓN EXCEPCIONAIS DE PREZOS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 21 de outubro de 2024, do teor literal seguinte:

Importe: 260.669,32 euros

Destino:

- Revisión extraordinaria de prezos da obra “Actuacións relacionadas coa liña de actuación 6 do proxecto MURAMIÑAE-EDUSI (carril bici) solicitada pola entidade adxudicataria do contrato, Construcciones Taboada y Ramos, S.L. (B36052876), por importe de 116.162,81 €
- Revisión extraordinaria de prezos da obra “Prolongación do paso subterráneo baixo a N-VI” solicitada pola entidade adxudicataria do contrato, Grupo Bascuas 2008, S.L. (B27370147) por importe de 144.506,51 €

Financiamento: Préstamo Caixa Galicia 2024

Logo de ver:

- A revisión extraordinaria de prezos da obra “Actuacións relacionadas coa liña de actuación 6 do proxecto MURAMIÑAE-EDUSI (carril bici) solicitada pola entidade adxudicataria do contrato, Construcciones Taboada y Ramos, S.L (B36052876), por importe de 116.162,81, en aplicación da fórmula nº 154 e baseándose na normativa estatal e autonómica para manter a viabilidade dos contratos ante as excepciónais circunstancias sociais e económicas producidas pola pandemia e a guerra de Ucraína, así como informe de conformidade da enxeñeira técnica de obras públicas e responsable dos Fondos Europeos, dona Gema Iglesias Méndez.

- A revisión extraordinaria de prezos da obra “Prolongación do paso subterráneo baixo a N-VI” solicitada pola entidade adxudicataria do contrato, Grupo Bascuas 2008, S.L (B27370147), por importe de 144.506,51, en aplicación da fórmula nº 154 e baseándose na normativa estatal e autonómica para manter a viabilidade dos contratos ante as excepciónais circunstancias sociais e económicas producidas pola pandemia e a guerra de Ucraína, así como informe de conformidade da enxeñeira técnica de obras públicas e responsable dos Fondos Europeos, dona Gema Iglesias Méndez.

- O establecido nas Bases nº 11 e 14 das de Execución do Orzamento Xeral municipal do exercicio 2024.

- O Informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2024/1474 do 21.10.2024,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac1050591460087415118.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria-providencia que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento xeral, mediante a modalidade de Transferencia de crédito (TC 54/2024) entre aplicacións de distinta área de gasto por importe de 260.669,32 €, así como a modificación do Plan de Investimentos co seguinte detalle:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
15100.60900	24XX00005	260.669,32	24100.60900	16DUSINS	260.669,32 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		260.669,32 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		260.669,32 €

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento xeral, mediante a modalidade de Transferencia de crédito (TC 54/2024) entre aplicacións de distinta área de gasto por importe de 260.669,32 €, así como a modificación do Plan de Investimentos co seguinte detalle:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
15100.60900	24XX00005	260.669,32	24100.60900	16DUSINS	260.669,32 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		260.669,32 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		260.669,32 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.